

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D.º Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

D. María Jesús Novo Gomez

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.ª Carmen Gómez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 15:30 horas do día trinta de decembro de 2015, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/11/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/11/2015.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- INFORME DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOBRE PROPOSTA DE PAGAMENTO PROGRAMA LEADER-GALICIA 2007-2013

Pola secretaria dáse conta do informe emitido polo director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada neste concello co nº 3024 en data 07/12/2015, en relación coa solicitude de pagamento 1ª final da subvención concedida referente ao expediente L15-41300-23-0116 Ampliación de gardería municipal, acordando que se pague a este concello o importe de 30.346,15 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOBRE SOLICITUDE DE PAGAMENTO FINAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIMORTO”

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada polo director xeral de Agader, rexistro de entrada neste concello co nº 3025 en data 07/12/2015, no que resolve que se pague ao Concello de Boimorto o importe de 46.626,50 €uros en concepto de pagamento final da subvención concedida para o proxecto “Mellora de camiños de titularidade municipal do concello de Boimorto”. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DO XEFE DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DA ÁREA CULTURAL DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U. DA CORUÑA, RELATIVA Á SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA APROVEITAMENTO MADEIREIRO NA PARCELA 390 DO POLIGONO 22 NO LUGAR DE PEDRAL.

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada polo xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 3093 en data 21/12/2015, autorizando a tala solicitada por Comercial Seoane SL (Rep. Mª. Elena Seoane Mato) na parcela 390 do polígono 22 no lugar de Pedral, parroquia de San Pedro de Boimorto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVA Á SOLICITUDE AUTORIZACION DE INTERVENCIÓN NO CAMIÑO DE SANTIAGO SOBRE A CORTA DE EUCALIPTOS, PIÑEIROS NA PARCELA CATASTRAL NUMERO 279 DO POLIGONO 503

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada pola directora xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, rexistro de entrada neste concello co nº 2970 en data 27/11/2015, autorizando a corta de 3.000 eucaliptos e 50 piñeiros e non autorizar a corta dos 400 carballos na parcela catastral núm. 279 do polígono 503, situada no monte da Serra de Abeleira, lugar de Franzomil, parroquia de Santa María de Sendelle, solicitada por Leandro Salgado Pérez.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA DO INVESTIMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 3104 en data 22/12/2015, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP deo 31/10/2014 (investimento de promoción económica: adquisición de material informático).

O importe que se vai aboar é de 4.695,00 €uros (100% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA MANTEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DURANTE O ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 3105 en data 22/12/2015, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP deo 31/10/2014 (mantemento de servizos sociais: biblioteca).

O importe que se vai aboar é de 2.575,00 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DURANTE O ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 3105 en data 22/12/2015, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 31/10/2014 (actividades de promoción turística 2015).

O importe que se vai aboar é de 1.170,00 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DA COMPAÑÍA DE RADIO/TELEVISIÓN DE GALICIA COMUNICANDO A FUSIÓN POR ABSORCIÓN DAS SOCIEDADES “TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.” (SOCIEDADE ABSORBENTE) E “RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.”

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo director xerente de planificación e administración xeral da entidade Compañía de Radio-Televisión de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 3096 en data 21/12/2015, comunicando a extinción da “Compañía de Radio-Televisión de Galicia” (CRTVG) o 31/12/2015 e creación da “Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.” o 01/01/2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITOS DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ

Pola secretaria dáse conta de dous escritos presentados por D. Ramón Mariño López, Presidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá, rexistro de entrada neste concello cos números 3125 e 3139 o día 23 e 28 de decembro de 2015 no que nun primeiro lugar solicita a instalación urxente dun panel luminoso no entorno da igrexa parroquial de Dormeá. Ante este escrito respóndeselle mediante chamada telefónica que se dera orde da súa colocación desde un primeiro momento. Comprobando o interesado que efectivamente este panel xa estaba colocado presenta un novo escrito disculpándose polo erro cometido.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.2.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistro de entrada neste concello co número 3040 o día 10/12/2015 no que expón a existencia de dous postes de teléfono situados en lugares “perigosos” dentro da parroquia, SOLICITA:

<<Se traslade o poste telefónico a un lugar seguro que non cause perigo na vía pública, e caso que non se poidese, o menos sinalalo, e se retire o posto de formigón sito no medio da calzada destinada os peóns.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que se dea traslado do escrito de referencia a Telefónica por non ser competencia do Concello.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

2.2.3.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistro de entrada neste concello co número 3041 o día 10/12/2015 no que expón que numerosos veciños se estan queixando do mal estado en que se encontran as baldosas en algunhas zonas das beiarúas sitas na CP-1004 á altura do Canto do Balo, SOLICITA:

<<Se arranxe dito pavimento, asentando as baldosas como corresponde o antes posibel, para non ter que lamentarnos, en calquera momento.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que por parte do encargado de servizos municipais se proceda á reparación das baldosas indicadas no seu escrito.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

2.2.4.- ESCRITO DE DNA. MARÍA LOURDES GAREA BALADO SOLICITANDO A COLOCACIÓN DUN PUNTO DE LUZ E SUBMINISTRO DE CONTENEDOR DE RECOLLIDA DE LIXO NO LUGAR DE ROMELAS Nº 21 (MERCURÍN)

Pola secretaria dáse conta da instancia presentada por Dna. María Lourdes Garea Balado DNI número 33254302M e con domicilio a efectos de notificacións en rúa Estrada da Costeira nº 3, Fene, rexistro de entrada neste concello co número 2992 en data 02/12/2015, na que expón que súa irmá Josefina Garea Balado é propietaria da vivenda sita no lugar de Romelas núm. 21 da parroquia de Mercurín e solicita a colocación dun punto de luz e un contenedor de recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A colocación dun punto de luz en fronte á vivenda de Dna. Josefina Garea Balado, sita no lugar de Romelas número 21 da parroquia de Mercurín, ao carón da vía pública así como o subministro dun contenedor de recollida de lixo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, con expresión de recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

Por non haber temas a tratar neste punto ordea o alcalde pasar ao seguinte.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 27 de novembro de 2015 (RE núm. 2964) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Jesús Cacharrón Cajide
DNI:	78782241L

Domicilio:	Lg. Barral núm. 2 - Mercurín 15816 Boimorto
------------	---

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución da cuberta dunha vivenda a base de tella por outra tella do país sobre pranchas de fibrocemento, cunha superficie de 100 m2
Situación:	Lg. Barral nº 2 - Mercurin - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A502003740001KF
Orzamento de execución:	5.500,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 30 de novembro de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.500,00 €uros

Liquidación 2%: **110,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Jesús Cacharrón Cajide indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 17 de decembro de 2015 (RE núm. 3066) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Josefina Fidalgo Ares
DNI:	33253798F
Domicilio:	Lg. Campo da Lanza núm. 3 - Ánxeles - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Revestimento das catro fachadas da vivenda da súa propiedade, nunha superficie de 98,5 m ²
Situación:	Lg. Campo da Lanza núm. 3 - Ánxeles - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A506102400001KK
Orzamento de execución:	1.280,00 Euros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Consta resolución da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural de 2 de decembro de 2015 (expediente nº 2015/0738 CN) e resolución do organismo de Augas de Galicia de 7 de agosto de 2015 (Clave: DH.W15.49547)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 17 de decembro de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, según informe técnico: 1.994,63 Euros

Liquidación 2%: **39,89 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Josefina Fidalgo Ares indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 8/2015) PARA O PROXECTO ANEXO 1º AO MODIFICADO DE PROXECTO DE LMT, CT E RBT EN CELA TRAMITADA A INSTANCIA DE D. CARLOS VÁZQUEZ ARIAS, EN REPRESENTACIÓN DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

Vista a solicitude de licenza de obra presentada en data 02/06/2015 con nº de rexistro de entrada 1255 por D. Carlos Vázquez Arias, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A. para a realización das obras do proxecto Anexo 1º ao modificado de proxecto de LMT, CT e RBT en Cela, redactado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hecht Elordoy, colexiado número 2633 e visado polo ICIIG co número 20150172.

Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 08/06/2015 asinado por D. Ángel Delgado Cid como complementario aos emitidos para o proxecto inicial nas datas 21/11/2007, 4/01/2008, 21/04/2008, 28/01/2009, 27/01/2010, 28/10/2010, 12/01/2011 e 20/10/2011 no que se esixe a aprobación do proxecto pola Consellería de Innovación e Industria así como autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Deputación Provincial.

Vista a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria do 27 de outubro de 2015, pola que se concede a autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública da instalación: Anexo I do Modificado I do proxecto de LMT, CT, RBT, Cela.

Vista a resolución da directora xeral do Patrimonio Cultural ditada o día 20 de agosto de 2015 autorizando as obras. (Expediente número 2015/0710CN).

Considerando que no informe emitido polo técnico municipal sinala que con anterioridade á concesión da licenza deberase contar co informe favorable da Deputación Provincial, e tendo en conta que na autorización administrativa da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria sinala que se solicitou o preceptivo informe e non consta, polo que se entende a conformidade coa instalación débese autorizar a obra por parte deste Concello.

Considerando que o uso para liña eléctrica esta permitido en solo rústico por licenza municipal directa ao tratarse dunha rede de transporte e distribución de enerxía eléctrica así como no núcleo rural como uso vinculado aos servizos públicos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Unión Fenosa Distribución, S.A. (LO 8/2015) para a realización das obras do proxecto Anexo 1º ao modificado de proxecto de LMT, CT e RBT en Cela, redactado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hecht Elordoy, colexiado número 2633 e visado polo ICIIG co número 20150172, afectando a solos rústicos e de núcleo rural.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgarse a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Deberase cumprir as condicións establecidas no punto 6 dos antecedentes da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. (Expediente número 2015/0710CN).
- .- Respetaránse os condicionamentos da autorización administrativa da aprobación do proxecto e declaración de utilidade pública pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interroperse por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2012).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material de obra: **111.177,63 €**

Liquidación 2%: **2.223,55 €**

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Unión Fenosa Distribución, S.A. indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención Ref.: CB-1/2015, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
1501159207-30/11/15	Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña nas datas 9/11/15 e 27/11/15	3,50 €
2715200053-15/12/15	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	Levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital no mes de novembro 2015	12,04 €
2015/0073-21/12/15	Josefina Fernández Garea / 33235755L	Agasallos Reis PAI	30,45 €
0126-22/12/15	Pilar Varela Ferreiro / 33283605Y	Etiquetas para felicitación de nadal	43,00 €
FRO20155168424-28/12/15	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. / ESA83052407	Boletín informativo nº 99 xaneiro/16 impreso sen dirección postal	52,50 €
4001684152-30/11/15		Franqueo pagado mes novembro 2015	119,80 €
F001/370-22/12/15	Fogar de Seidon S.C. / J-15890163	Alimentación festa PAI	24,73 €
2015/2411-30/09/15	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. / ESA 15379803	Tratamento de RU mes setembro 2015	4.881,70 €
CD-124-01/10/15	Mayores atención á la Dependencia S.L. / B70106125	Servizo de xerocultora na residencia e centro de día no mes de maio 2015	1306,69 €
3120257227-31/10/15	Serunion, S.A.U. / ESA59376574	Servizo de alimentación na residencia outubro 2015	6329,77 €
1-11052094-27/11/15	Manuel Castro Gómez / 33215547M	Confeción de nóminas e seguros mes novembro 2015	876,89 €
1-11052250-28/12/15		Confeción de nóminas e seguros mes decembro 2015	767,99 €
0027408437-17/12/15	Sociedad General de Autores y Editores / ESG28029643	SGAE variedades concierto Tiruleque 04/06/15 rede cultural 2015	168,01 €
B/1406-31/10/15	Oscar Carreira García / 78796945A	Material de limpeza para o concello	283,64 €
B/1407-31/10/15		Material de limpeza para a residencia e centro de día	91,31 €
B/1518-30/11/15		Material de limpeza para a residencia e centro de día	333,46 €
952-17/11/15	Agromecánica Vicente García e Hijos, S.L. / B-15162910	Reparación camión grande de recollida de lixo	82,70 €
951-17/11/15		Material de mantemento	119,15 €
950-17/11/15		Reparación camión grúa	23,35 €
66382-20/11/15	Río Blanco S.L. / B15424047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil. Albarán nº 77835	283,14 €
1177011784-09/11/15	Labagua, S.A. / A03637899	Servizo de análise abastecemento municipal de auga outubro 2015	464,25 €
4/2015-30/11/15	Raquel Prieto Souto / 47379697L	Servizo de podoloxía residencia, centro de día e servizos externos	

		novembro 2015. Adx. Contrato menor Decreto 403/2015	378,00 €
AU163285-15/12/15	Abm-Rexel S.L.U. / B-28262822	Soporte suspensión liña refuxio de Sendelle	15,67 €
2015/111330-30/11/15 2015/121028-21/12/15	Hermex Ibérica, S.A. / A-58675513	Material para o PAI inversión protectores para esquinas Esteras loseta para o PAI inversión	224,77 € 165,95 €
84/15-23/12/15	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico urbanística decembro 2015	2.000,00 €
06B/132-28/12/15 06B/125-30/11/15	Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes decembro 2015 Mantemento zonas verdes novembro 2015	1.990,00 € 1.990,00 €
0101-1501359-30/11/15	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B15467962	Recollida residuos do 01/11/15 ao 30/11/15	95,36 €
28-L580-627776-01/12/15	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Teléfonos móbiles período 18/10/15-17/11/15	198,37 €
0001127-01/12/16	Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651	Mantemento programa residencia decembro 2015	59,29 €
00/096875-30/11/15	Dielectro Industrial, S.A.U. / A-15007750	Lámpadas para o alumado público e adaptadores portálámpadas	256,16 €
004528-30/11/15	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Subministro de cemento e area para o colexio	70,01 €
34-19/11/15 44-30/11/15 35-19/11/15 36-19/11/15 52-30/12/15 51-30/12/15 50-30/12/15 49-30/12/15	Supermercado Rey-Blanco / B70204631	Material de hixiene e limpeza para a residencia e centro de día Material de hixiene e limpeza para a residencia e centro de día Material de limpeza para o concello Material de limpeza para o concello Alimentos e bebidas festa no PAI Turrón, figos.. para o centro social municipal de maiores Material de limpeza para o concello Material de hixiene e limpeza para a residencia e centro de día	161,86 € 160,70 € 23,56 € 8,62 € 62,41 € 56,95 € 22,92 € 141,66 €
A/34392-20/09/15	Suministros Médicos Viguéses Uno, S.L. / B36797637	Luvas vinilo para a residencia e centro de día	203,28 €
113.373-30/11/15 113.372-30/11/15 113.371-30/11/15 113.370-30/11/15	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Repastos para a furgoneta Opel Combo de servizos sociais Repastos para o vehículo adaptado Fiat Scudo da residencia Xogo de pastillas de freno camión grande de recollida de lixo	25,48 € 39,25 € 119,19 €

113.369-30/11/15		Arranque completo para desbrozadora de ama	21,18 €
113.367-30/11/15		Equilibrado autobús matrícula 5002HHB	48,40 €
		Piloto dereito con triángulo para cisterna	13,48 €
FE15 60.00-22/12/15	Construcciones González y González, S.L. / B15165004	Realización da obra: Zona cuberta para refuxio de peregrinos en Sendelle. Adx. Contrato menor Decreto 363/15 de 24/07/15	17.298,99 €
FE15 57.00-15/12/15		Realización da obra: Mellora de pistas polideportivas en Arceo y Á Gándara. Investimento deportes Deputación 2015. Adx. Contrato menor Decreto 365/15 de 28/07/15	3.431,86 €
5/01510782-25/11/15	Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH C35 e fotocopiadora cor KM C364 oficinas municipais período 23/10/15-23/11/15	213,65 €
5/01510783-25/11/15		Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia período 19/10/15-18/11/15	109,05 €
5/01511837-15/12/15		Mantemento fotocopiadora cor BH C35 e fotocopiadora cor KM C364 oficinas municipais período 23/11/15-11/12/15	121,48 €
5/01511838-15/12/15		Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia período 18/11/15-11/12/15	48,00 €
3342422462-01/12/15	Schindler / A-50001726	Mantemento ascensores decembro 2015	267,75 €
253-30/11/15	Serán. Axuda no fogar María Belén Amado Fariña / 76368695R	Servizo de enfermería na residencia e centro de día novembro/2015 (Baixa de Pablo Mouriño). Adx. Contrato menor Decreto 419/15 de 21/08/15	2438,08 €
264-04/12/15		Servizo de enfermería na residencia e centro de día do 1 ao 4 de decembro/2015 (Baixa de Pablo Mouriño) Adx. Contrato menor Decreto 419/15 de 21/08/15	322,50 €
135-02/07/15		Servizo de xerocultora do 28/05/15 ao 01/07/15 na residencia e centro de día	1973,02 €
150776-01/12/15	Farmacia M ^a . José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para a residencia e centro de día	286,70 €
B 1126-30/11/15	Jobegosum S.L. / B70058268	Subministro de produtos médicos para a residencia	131,16 €
FE15321184621057-05/10/15	Gas Natural Servicios SDG, S.A. /	Recibo alumado público Gándara período 15/08/15 ao	

FE15321184936853-07/10/15 FE15321185996927-19/10/15 FE15321185996926 FE15321186097647 FE15321185996928 FE15321186097648 FE15321186097649-20/10/15 FE15321186508235 23/10/15	ESA08431090	10/09/15 Recibo casa consistorial período 31/07/15 ao 28/09/15 Recibo piscina período 17/09/15 ao 09/10/15 Recibo campo de fútbol período 17/09/15 ao 09/10/15 Recibo albergue período 11/09/15 ao 09/10/15 Recibo residencia período 11/09/15 ao 09/10/15 Recibo polideportivo período 11/09/15 ao 09/10/15 Recibo colexio período 11/09/15 ao 09/10/15 Recibo estación potabilizadora período 17/09/15 ao 15/10/15	196,78 € 549,51 € 211,64 € 661,72 € 289,84 € 1.314,64 € 175,97 € 519,68 € 1.549,32 €
Relación FACE 2015/2593 ao 2015/2825. Data emisión outubro/15 01151010673701-18/10/15 01150911633812-02/10/15 01150911624778-02/10/15 01151010678765-18/10/15 01150911625405-02/10/15 01150911630819-02/10/15 01150911674014-02/10/15 01151011159938-23/10/15	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / ESA65067332	Recibos alumado público Recibos antigas escolas unitarias Recibos locais sociais de Souto, Gándara, Corneda e Nogaredo Recibo protección civil período 16/09/15 ao 09/10/15 Recibo EDSM período 01/08/15 ao 28/09/15 Recibo cámara agraria período 01/08/15 ao 28/09/15 Recibo refuxio de Sendelle período 16/09/15 ao 09/10/15 Recibo PAI período 01/08/15 ao 28/09/15 Recibo baixo concello período 01/08/15 ao 28/09/15 Recibo centro médico período 01/08/15 ao 28/09/15 Recibo depósito de Boimil período 16/09/15 ao 15/10/15	5.185,09 € 197,04 € 169,58 € 38,14 € 31,22 € 32,47 € 17,07 € 114,36 € 52,08 € 91,66 € 171,90 €
TA5670272733 TA5670270122 TA5670264407 TA5670264408 TA5670268939 TA5670272536 TA5670269100 TA5670264409 19/12/15	Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474	Recibo teléfono residencia e centro de día Recibo teléfono centro social municipal de maiores Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono ascensor da residencia e centro de día Recibo teléfono oficinas concello Recibo teléfono PAI	94,60 € 61,28 € 27,74 € 76,82 € 17,40 € 17,40 € 387,99 € 26,13 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: *Concello de Boimorto. Servizos sociais*

INFORME EMITIDO POR: *M^a Esther Vidal Pandelo*

DATA DO INFORME: *30/12/2015*

DIRIXIDO A: *XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- EDUARDO GÓMEZ ÁLVAREZ - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- MANUEL JOSÉ MARTÍNEZ CASTRO - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

3.- MERCEDES RAMOS CASTRO - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Eduardo Gómez Álvarez e no servizo de podoloxía a Manuel José Martínez Castro e Mercedes Ramos Castro.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2016. Sen a presentación de dito ticket

acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.3.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Outubro 2015	20150515	Recollida selectiva	820,41	82,04	902,45
Outubro 2015	20150516	Plus adicional por transporte ata planta de selección	6,67	0,67	7,34
Novembro 2015	20150517	Recollida selectiva	513,30	51,33	564,63
Novembro 2015	20150519	Plus adicional por transporte ata planta de selección	3,45	0,35	3,80
Decembro 2015	20150520	Recollida selectiva	587,88	58,79	646,67
Decembro 2015	20150521	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,23	0,42	4,65

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20150515, 20150516, 20150517, 20150519, 20150520 e 20150521 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.4.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de outubro, novembro e decembro da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Outubro 2015	20150523	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	75,59	7,56	83,15
Novembro 2015	20150518	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	58,54	5,85	64,39
Decembro 2015	20150522	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	61,82	6,18	68,00

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20150523, 20150518 e 20150522 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.5.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2015, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 210 de data 03/11/2015, iniciado por:

- D. Javier Martínez Ramos (con rexistro entrada 2972 de data 30/11/2015) debido ao nacemento en data 08/05/2015 do seu fillo Nicolás Martínez Gómez.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2015 e tendo en conta que na sesión plenaria que se celebrará ás 20:00 horas do día de hoxe se somete á aprobación do expediente de modificación de créditos número 18/2015 subexpediente transferencias de crédito 3/2015 para incremento na dotación da partida de subvención para o apoio a natalidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a D. Javier Martínez Ramos polo nacemento do seu fillo Nicolás Martínez Gómez, con cargo a partida 231.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2015, supeditada á aprobación polo Pleno do expediente de modificación de créditos 18/2015

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

5.6.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2015, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 210 de data 03/11/2015, iniciado por:

- D. Juan Carlos Pérez Pulido (con rexistro entrada 2976 de data 30/11/2015) debido ao nacemento en data 26/11/2015 da súa filla Noa Pérez Freire.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2015 e tendo en conta que na sesión plenaria que se celebrará ás 20:00 horas do día de hoxe se somete á aprobación do expediente de modificación de créditos número 18/2015 subexpediente transferencias de crédito 3/2015 para incremento na dotación da partida de subvención para o apoio a natalidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a D. Juan Carlos Pérez Pulido polo nacemento da súa filla Noa Pérez Freire, con cargo a partida 231.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2015, supeditada á aprobación polo Pleno o expediente de modificación de créditos 18/2015.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

5.7.- ESCRITO DE D. JUAN FRANCISCO ARES ALLEGUE EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA MOTIVO JCB GALICIA, S.A. SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA EN AVAL BANCARIO POLO SUBMINISTRO DE CARGADORA RETROEXCAVADORA Y MINIEXCAVADORA.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por D. Juan Francisco Ares Allegue en representación da empresa MOTIVO JCB GALICIA, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 3061 con data 16/12/2015, no que solicita a devolución do aval bancario constituído como garantía definitiva das obrigas polo seguinte subministro:

Denominación	Importe aval	
Cargadora retroexcavadora e miniexcavadora	3.278,75 €	

Resultando que dito contrato xa finalizou, habendo cumprido o adxudicatario coas condicións establecidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Devolver a referida garantía definitiva, por haberse cumprido o subministro contratado e coas condicións establecidas.

5.8.- SUBVENCIONS EMERXENCIA SOCIAL

Vista a Ordenanza específica reguladora da concesión das bases da convocatoria para a concesión de e axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto 2015 publicada no BOP nº 210 de data 03/11/2015.

Vistas as solicitudes de axudas de emerxencia social presentadas e o expediente tramitado no departamento de servizos sociais.

Visto o informe coa proposta da traballadora social sobre concesións da axudas solicitadas e contías de data 18/12/2015 que se transcribe literalmente a continuación:

<<Mª Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

- Que en relación ás solicitudes presentadas para as axudas de emerxencia social do Concello de Boimorto todos cumpren cos requisitos establecidos na convocatoria das axudas
- Que en aqueles casos que se lles conceda a axuda para sufragar gastos de luz, de maneira excepcional, se lle pagará mediante transferencia bancaria ó usuario unha vez que acrediten o pago da factura mediante a súa domiciliación bancaria, reintegrándolle a cuantía correspondente a cada factura presentada e pagada
- Que nas solicitudes nas que se otorgan axudas por dous conceptos diferentes se fai, excepcionalmente, en función da valoración da necesidade e tamén da existencia de menores na unidade familiar.
- Que segundo os datos presentados polas unidades familiares e os criterios de valoración determinados no artigo 5 da ordenanza reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto 2015 as solicitudes presentadas acadaron a seguinte puntuación:
 - a- M.S.M.: 4 puntos polo indicador económico e 5 puntos pola situación de risco social. Total 9 puntos.
 - b- A.F.V.: 4 puntos polo indicador económico e 2 puntos polo proceso de intervención social desta unidade familiar. Total 6 puntos
 - c- V.C.V.C.: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

d- M.C.C.G.: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

e- M.C.S.C.: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

- Que en función das puntuacións acadadas e das necesidades presentadas polas unidades familiares as cuantías a percibir por cada familia precisas para cubrir as mesmas serían as seguintes:

- a- M.S.M.: 1.600 € para facer fronte ós gastos da compra de material para tellar a vivenda habitual e tamén para a licenza de obra.
- b- A.F.V.: 429 € para adquisición dunha lavadora (equipamento básico da vivenda) e 500 € para facer fronte ós gastos do subministro eléctrico da vivenda.
- c- V.C.V.C.: 1.600 € para sufragar os gastos do cambio de fiestras na vivenda e o pago da licenza de dita obra.
- d- M.C.C.G.: 600 € para a compra de roupa e calzado dos dous menores e 200 € para a adquisición de material escolar dos dous menores
- e- M.C.S.C.: 290 € para a adquisición dun frigorífico (equipamento básico da vivenda) e 310 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda.

Para que conste donde conveña

Boimorto, 18 de decembro de 2015

Asdo.: M^a Esther Vidal Pandelo

Traballadora social>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar en concepto de axudas de emerxencia social:

DNI da beneficiara	Concepto da axuda	Cuantía
76498337S	Axuda para o uso e mantemento da vivenda	1.600,00 €
32819684H	Axuda para o uso e mantemento da vivenda	929,00 €
51273273V	Axuda para o uso e mantemento da vivenda	1.600,00 €
32794389T	Axuda para a atención do menor Axuda para o uso e mantemento da vivenda	600,00 € 200,00 €
76503479M	Axuda para o uso e mantemento da vivenda	600,00 €

SEGUNDO.- En virtude do disposto no artigo 11 da Ordenanza específica reguladora destas axudas a cuantía concedida a cada usuario en concepto de atención ao menor non será percibida polo beneficiario, o Concello efectuará o pago directamente ao proveedor. No momento que desexa realizar calquera compra deberá poñerse en contacto coa traballadora social deste Concello que será a encargada de acompañala ao establecemento e pediralle factura a nome do Concello

de Boimorto. No caso das axudas para facer fronte aos gastos de luz da vivenda cada usuario deberá presentar a factura/s de subministro eléctrico xunto co xustificante de cargo da entidade bancaria onde teña domiciliado o recibo, posteriormente á revisión destas facturas o Concello aboará a cantidade total no número de conta onde foran cargadas as anteditas facturas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás interesadas os efectos oportunos.

5.9.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE DECEMBRO 2015

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 30/12/2015 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 26/11/2015 e o 30/12/2015 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que neste mes de decembro presentouse unha nova solicitude do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia. O solicitante é D. José Peteiro Cajide que acada unha puntuación total de 38 puntos.

2º.- Que na lista de usuarios de axuda no fogar de libre concorrencia con respecto ao mes de novembro de 2015 existe unha baixa a de Dna. Remedios Castro Novo por pasar a ser usuaria do servizo a través de dependencia, quedando a lista tal e como se transcribe literalmente:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	37 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Celia Codesido Sesto Lg. Corredoiras, Ánxeles	30 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Xoana Ares Fandiño R/ Castro nº 6, Corredoiras, Ánxeles	0 puntos	9 puntos	9 puntos	4 puntos	22 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos

Lg Outeiro, Boimorto					
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

2º.- Que na lista de usuarios de axuda no fogar por dependencia hai variacións con respecto ao mes de novembro de 2015 pola incorporación da usuaria Dna. Remedios Castro Novo.

3º.- Que contemplada esta variación a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
María Felpete Costoya Boimorto	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro	Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Antonio García Salgueiros Lg. Barral núm. 7 - Mercurín	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.

4º.- Que a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no mes de novembro era a seguinte:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 9º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 10º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 11º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 12º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 13º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 14º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 15º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 30 de decembro de 2015

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 30 de decembro de 2015.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 30/12/2015, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a D. José Peteiro Cajide (solicitude presentada en data 14/12/2015 rexistro de entrada número 3055) no posto primeiro.

CUARTO.- Facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- José Peteiro Cajide, 38 puntos.
- 2º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 3º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 4º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 5º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 6º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 7º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 8º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 9º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 10º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 11º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 12º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.

- 13°.- María Mato Méndez, 14 puntos.
14°.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
15°.- Dolores Novo Gíao, 13 puntos.
16°.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 16:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de decembro de 2015 está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070378 ao nº 3070387
A SECRETARIA,